

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 3 DE NOVEMBRO DE 2021.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día tres de novembro de dous mil vinte e un, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a adxudicación na contratación da obra “Alumeado público en Camiño Real e zona de influencia”.Exp. ref. 2021-C002-000024.

Tamén se acorda a adxudicación na contratación da obra de “Humanización da rúa Lamas de Prado”. Exp. ref. 2021-C002-000046.

2. FOMENTO.- Acórdase a aprobación Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e o Concello de Lugo para a posta a disposición dos terreos necesarios para a execución das obras de posta en valor dos restos arqueolóxicos do cubo VI da Muralla Romana de Lugo.

3. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos, ó denegarse a licenza solicitada para a construción de vivenda unifamiliar na rúa da Millara-rúa do Valiño.

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

4. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase denegar a licenza urbanística para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar, en Tolda de Castela, número 13. (Expte: 2020/Y001/000222).

Acórdase a concesión da licenza urbanística para reforma de centro de recuperación de fauna silvestre, consistente en a demolición de edificacións en mal estado de conservación e execución de novas instalacións, así como reforma e

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac4176636381501711499.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 3-11-2021

adaptación doutras edificacións existentes, en Carballido o Veral. (Expte: 74/19).

Acórdase a denegación da licenza urbanística para rehabilitación con mellora da accesibilidade en edificio existente, na rúa Río Ulla, número 3 (expte: 2020/Y001/000209).

Tamén se acorda a concesión da licenza urbanística para variacións interiores de escasa entidade e a ampliación do volume aprobado inicialmente, por mor da instalación do ascensor nunha posición diferente da inicial, como modificación do proxecto de construción de edificio con licenza 179/19, na rúa Acacia, número 24 (2021/Y001/000007).

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA

5. ASESORÍA XURÍDICA.- Acórdase a constitución en parte no recurso contencioso-administrativo número 7629/2021.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.